



A tempada de caza menor arranca o día 19 de outubro

Ante a información errónea publicada nos últimos días en varios medios de comunicación, sobre a data de apertura da tempada de caza de menor, a Federación Galega de Caza informa:

1. A orde 31-3-2008 da Consellería de Medio Ambiente, publicada no D.O.G. nº 65, de data 4-4-2008, determina as épocas hábiles de caza durante a tempada 2008-2009.
2. O artigo 2 da citada orde, establece que o período hábil para exercer a caza, válido con alcance xeral, será o comprendido entre os días 19 de outubro de 2008 e 6 de xaneiro de 2009, ámbolos-dous inclusive, coas excepcións que para cada especie se sinalan no título V de dita orde.
3. Pode descarga-la versión completa da orde de vendas na seguinte páxina <http://www.federaciongalegadecaza.com/Vedas/Orde.Vedas.2008.pdf>

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com